CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS

Nº 10 - 30 xuño 2017

OS SEIS POEMAS GALEGOS DE FEDERICO GARCÍA LORCA

Luís Pérez Rodríguez

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Imaxe da portada: Federico García Lorca tocando o piano na Huerta de San Vicente, Granada, verán de 1935. Foto tirada por Eduardo Blanco-Amor. Arquivo da Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

Maquetación: Vanesa Santiago Vázquez

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
comisionsuarezpicallo@gmail.com
http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo

Imprime: Copitec Dixital S.L.

Sada - 30 de xuño de 2017

Directiva 2017 - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidente: Manuel Pérez Lorenzo / secretaria: Vanesa Santiago Vázquez / vicesecretaria: Marisa Naveiro López / tesoureiro: José Garrote Martín / vogais: Estevo Rodríguez Liste, Xosé Val Díaz, Jesús Castro Vidal, Rafael Carballeira Coego, Xaime Rodríguez Rodríguez, David García Pauwels, Carme Gratacós Ríus, Rexina Basadre Orozco.

Imaxes achegadas por Luís Pérez Rodríguez, agás pp. 5-8

D.L. C 814-2014 ▌ Tirada: 500 exemplares

1. Como nacen os Seis poemas galegos de Federico García Lorca.

Os ***Seis poemas galegos*** de Federico García Lorca nacen dunha combinación feliz de diversos factores. Federico estaba moi interesado pola poesía tradicional. Así, ao penetrar na poesía dos Cancioneiros galegos, poesía que removeu tanto os pousos poéticos da Xeración do 27, chega por vía natural aos ***Seis poemas galegos***.

Vestido de trobador galego, coma un novo Gaiferos de Mormaltán, sería o primeiro en excelencia na porfía poética dos poetas alófonos da nosa lingua: Carles Riba, Jorge Bosco, Pérez Creus, etc.

Federico sentía unha grande admiración por Galicia. Desde a súa primeira viaxe de estudante en 1916, seguindo o itinerario poético dos cancioneiros e de Rosalía de Castro, visión de Galicia que plasma en *Impresiones y Paisajes*, ata as súas viaxes de madurez dos anos trinta, onde queda atraído pola realidade galega, transcorre o tempo dos poemas.

2. Federico García Lorca e os amigos galegos.

A súa andaina poética comeza coa lectura dos cancioneiros galego-portugueses, de Rosalía de Castro, cantigas que harmonizaba e interpretaba ao piano na Residencia de Estudiantes co musicólogo galego Xesús Bal y Gay: *Nosa Señora da Barca*, *Campanas de Bastabales*, así como outras tantas cantigas de amigo de trobadores coma Martín Códax.

Pero son os amigos galegos os que alentan a Federico a escribir no noso idioma. Guerra da Cal é un deles. Coñécense na rúa, nunha desas concentracións opositoras estudantís á ditadura de Primo de Rivera, no alborecer da República. Guerra da Cal, ben parecido e apaixonado pola súa terra, conduce a Federico aos faladoiros que mantiñan en Madrid Cabanillas e os deputados galegos da República.

Na primavera do 1932 é invitado polos Comités de Cooperación Intelectual a dar unhas conferencias por Galicia: Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña. Carlos Martínez-Barbeito evoca a súa estadía, rodeado de universitarios e artistas galegos, vestido de pano claro e gravata vermella: Arturo Cuadrado, Fernández del Riego, Carballo Calero, Ánxel Fole, Luís Tobío, Luís Seoane, Carlos Maside, Eiroa, o poeta Feliciano Rolán.

Federico aínda visitaría dúas veces máis Galicia. A primeira, en agosto do 1932, como director de *La Barraca*. A segunda, en novembro do mesmo ano, invitado de novo polos CCI, viaxe esta última de especial relevo, pois en Lugo entregará para a revista *Yunque*, a esa xeración luguesa (Ánxel Fole, Colmeiro, Cunqueiro, Manteiga), o primeiro dos seis poemas galegos: *Madrigal á cibdá de Santiago*.

Aínda habería que mencionar unha quinta viaxe á Galicia dos emigrantes de Buenos Aires e Montevideo, na que nacería o poema *Cantiga do neno da tenda*. Os galegos, marcados pola morriña, agradecían ao poeta andaluz, coa asistencia masiva ás súas representacións teatrais, o seu agasallo por terse sentido poeta galego.


NOCTURNOS
DE LA VENTANA

A la memoria de José de Cirla y Escalante.
Poeta.

Dedicatoria de Federico Garcia Lorca, no seu libro *Canciones*, para Carlos Martínez-Barbeito. Santiago, 1932. Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito

A amizade de Federico con Blanco-Amor está ben asentada pola admiración que Eduardo sentiu sempre polo poeta granadino, máis alá de calquera oportunismo, chegando a ser o seu biógrafo máis importante en América. Compartían os ideais daquela España republicana, liberal e ilustrada, produto da Institución Libre de Ensinanza. Blanco-Amor coñece a Federico, cando vén en 1933 de correspondente do xornal *La Nación* de Buenos Aires, no momento que o poeta granadino triúnfa co seu teatro vangardista. Pasa un mes na súa casa de Granada, onde Eduardo tirou as famosas fotos do poeta coa súa nai, e Federico regalaríalle algún dos poemas inéditos de *Diván del Tamarit*, que Blanco-Amor publicaría na revista *Ciudad*, da que era redactor.

Blanco-Amor, diante de embarcarse para Buenos Aires, deixará en porto seguro os *Seis poemas galegos* para seren publicados na *Editorial Nós* de Ánxel Casal, despois de proporcionarlle as derradeiras e mínimas correccións, para a súa impresión definitiva.

3. A importancia dos *Seis poemas galegos*.

Blanco-Amor era coñecedor do estado da escrita desta poesías galegas lorquianas e, cando viu que se estaban a rematar, "arríncallos" das mans para dalos ao prelo. Era *vox populi* que Federico estaba a escribir en galego uns poemas. Así, a revista *Nós*, no seu número de maio-xuño, anúnciaos e a revista *Ser*, na pluma de Suárez Picallo, ponos en relación co próximo Día de Galicia. Álvaro Cunqueiro, pola súa parte, dá noticia deles en *El Pueblo Gallego*. A intelectualidade galega é consciente da importancia de que un poeta universal, coma Federico, escriba en galego, naquela época do Estatuto de Autonomía, despois dun bienio negro. Era unha maneira de enaltecer o idioma galego, como repetía Suárez Picallo, considerado por moitos coma un dialecto de xente de condición baixa. O escritor sadense, entusiasmado, vía a súa publicación coma unha diada maior, coma unha homenaxe á cultura galega. Defensa na que estaba tamén o editor Ánxel Casal, quen publicaría os poemas no seu obradoiro da rúa das Hortas.

O éxito da publicación dos *Seis poemas galegos* de Federico non se fixo agardar. Antón Villar Ponte, en *La Voz de Galicia*, afirmaba que estas poesías eran dignas do grande poeta de Andalucía. Ánxel Fole, en *El Pueblo Gallego*, vía nestas poesías o reverdecer da poesía galega, coma en tempos dos trobadores. Roberto Blanco Torres, en *El País*, agradecía ao poeta granadino este agasallo nunha mañá primaveral para Galicia. Augusto María Casas reiteraba a importancia do suceso literario deste novo trobador, que rendía así triunfo á inmortal Rosalía de Castro.

4. A autoría dos poemas.

Blanco-Amor sempre sostivo, desde o seu prólogo ao libro da Editorial *Nós*, que Federico era o autor material dos poemas. O coñecemento do galego de Lorca, coas súas limitacións, posibilitou a súa escritura. Lorca recitaba poesías galegas de memoria, tanto dos trobadores medievais coma de escritores galegos coma Rosalía de Castro. Posuía un coñecemento pasivo de ter oído o galego en Madrid, indo aos parladoiros literarios no café *Regina* dos escritores galegos residentes en Madrid, na compaña de Guerra da Cal e Serafín Ferro, coma tamén do folclore musical galego. Coñecía *Romances galegos* de Blanco-Amor, co seu vocabulario "precaucional". O idioma éralle familiar. Ademais, os *Seis*

Fotografía de Federico, coa súa nai, na casa da Huerta de San Vicente, verán de 1935. Foto de Blanco-Amor. Arquivo da Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

poemas galegos son lorquianos pola súa temática e recursos poéticos, algo que, para quen coñeza minimamente a obra do poeta granadino, non pode negar. O papel de Eduardo redúcese só a algunhas correccións ortográficas, morfolóxicas ou mesmo léxicas, pero sen cambiar substancialmente o contido e forma lorquiana dos poemas.

A competencia lingüística do galego de Lorca pódese apreciar no poema de *Danza da lúa en Santiago*. O poema é un texto híbrido. Os catro primeiros versos son apócrifos coa letra de Guerra da Cal pero, a partir do verso quinto é un autógrafo de Lorca. O galego que escribe Federico neste poema é o idioma que sabe, con erros, pero é o seu galego.

En abril de 1996 estreábase a música para piano, composta expresamente para os *Seis poemas galegos* de Federico polo músico arxentino-galego Isidro B. Maiztegui nos Salóns do Consello da Cultura Galega de Santiago de Compostela. Anteriormente, algúns músicos cantaran algúns dos poemas soltos: Antón de Santiago, Xoán Rubia, A. Iglesias Vilarelle, Grupo *Jarcha*, etc. Amancio Prada, que xa tiña musicado o poema da *Danza*, vén de sacar un disco sobre os *Seis poemas galegos* de Federico, para deleite dos amantes destas poesías.

Só resta que a Real Academia Galega dedique un **Día das Letras Galegas** a Federico, trobador do Sur, coma unha homenaxe a todos os poetas alófonos que cantaron en lingua galega, desde os trobadores medievais ata os nosos días.

OS SEIS POEMAS GALEGOS

Madrigal â cibdá de Santiago

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
Brila entebrecida ô sol.

Chove en Santiago
Na noite escura.
Herbas de prata e de sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva po-la rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
Agoa da mañán anterga
trema no meu corazón.

Romaxe de nosa Señora da Barca

¡Ay ruada, ruada, ruada
da Virxen pequeña
e a sua e a súa barca!

A Virxen era pequeña
e a súa coroa de prata.
Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva po-la montana.
Mortas e mortos de néboa
po-las congostras chegaban.

Virxen, deixa a túa cariña
nos doces ollos das vacas
e leva sobr'o teu manto
as frores da amortallada!

Po-la testa de Galicia
xa ven salaiando a i-alba.
A Virxen mira pra o mar
dend'a porta da súa casa.

¡Ay ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a súa barca!

Os *Seis poemas galegos* deron pé a numerosas versión musicais dende a súa publicación. Abaixo, unha pequena mostra deste fenómeno.





Cántiga do neno da tenda

Bos Aires ten unha gaita
sobro do Río da Prata,
que a toca o vento do norde
coa súa grís boca mollada.

¡Triste Ramón de Sismundi!
Aló, na rúa Esmeralda,
basoira que te basoira
polvo d'estantes e caixas.
Ao longo das rúas infindas
os galegos paseiaban
soñando un val imposibel
na verde riba da pampa.
¡Triste Ramón de Sismundi!
Sinteu a muiñeira d'agoa
mentres sete bois de lúa
pacían na súa lembranza.
Foise para veira do río,
veira do Río da Prata.
Sauces e cabalos múos
creban o vidro das ágoas.
Non atopou o xemido
malencónico de gaita,
non viu o imenso gaiteiro
coa boca frolida d'alas;
triste Ramón de Sismundi,
veira do Río da Prata,
víu na tarde amortecida
bermello muro de lama.

Noiturnio do adoescente morto

Imos silandeiros orela do vado
pra ver o adoescente afogado.

Imos silandeiros veiriña do ar,
antes que ise río o leve pro mar.

Súa i-alma choraba, ferida e pequena
embaixo os arumes de pinos e d'herbas.

Agoa despenada baixaba da lúa
cobrindo de lirios a montana núa.

O vento deixaba camelias de soma
na lumieira murcha da súa triste boca.

¡Vinde mozos loiros do monte e do prado
pra ver o adoescente afogado!

¡Vinde xente escura do cume e do val
antes que ise río o leve pro mar!

O leve pro mar de curtiñas brancas
onde van e vên vellos bois de ágoa.

¡Ay, como cantaban os albres do Sil
sobre a verde lua, coma un tamboril!

¡Mozos, imos, vinde, aixiña, chegar
porque xa ise río m'o leva pra o mar!



Sinatura de Lorca

Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta





¡Érguete miña amiga
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete miña amada
porque o vento muxe, coma unha vaca!

Os arados van e vên
dende Santiago a Belen.
Dende Belén a Santiago
un anxo ven en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a door de Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas.
Herbas que cobren téu leito
e a negra fonte dos teus cabelos.
Cabelos que van ao mar
onde as nubens teñen seu nídio pombal.

¡Érguete miña amiga
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete miña amada
porque o vento muxe, coma unha vaca!







Do interese polos *Seis poemas galegos* dan fe as distintas edicións que se levan publicado. Nesta páxina pode verse una mostra delas.

Danza da lúa en Santiago

¡Fita aquel branco galán,
olla seu transido corpo!

É a lúa que baila
na Quintana dos mortos.

Fita seu corpo transido,
negro de somas e lobos.

Nai: A lúa está bailando
na Quintana dos Mortos.

¿Quen fire potro de pedra
na mesma porta do sono?

¡É a lúa! ¡É a lúa!
na Quintana dos mortos!

¿Quen fita meus grises vidros
cheos de nubens seus ollos?

É a lúa, é a lúa
na Quintana dos mortos.

Deixame morrer no leito
soñando con flores d'ouro.

Nai: A lúa está bailando
na Quintana dos mortos.

¡Ai filla, co ar do céo
vólvome branca de pronto!

Non é o ar, é a triste lúa
na Quintana dos Mortos.

¿Quen brúa co-este xemido
d'imenso boi melancónico?

Nai: É a lúa, é a lúa
na Quintana dos mortos.

¡Si, a lúa, a lúa
coronada de toxos,
que baila, e baila, e baila
na Quintana dos mortos!



Sinatura artística de Lorca

Federico García Lorca –no centro da imaxe– no cruceiro de Santa María do Azougue, en Betanzos, en maio de 1932. Arquivo fotográfico de Carlos M-B.

CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS

Xa publicados:

Nº 1 - «Xosé María Díaz Castro» · E. Mariño Davila, V. Pérez Prieto, A. Blanco Torrado

Nº 2 - «De Galicia a Chiloé. *Chile a la vista* de E. Blanco-Amor» · Luis Pérez Rodríguez

Nº 3 - «Impresións de Emilia Pardo Bazán sobre a Primeira Guerra Mundial» · M. González Prieto e R. Axeitos Valiño

Nº 4 - «Moncho Valcarce: un militante social e político galeguista, un cura atípico, un profeta e un místico cristián» · VV.AA.

Nº 5 - «Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo» · VV.AA.

Nº 6 - «Luisa Viqueira Landa: unha heroína republicana» · VV.AA.

Nº 7 - «Oitava de voces para Manuel María» · VV.AA.

Nº 8 - «A longa pós-guerra (1936-1953) de Ramón Villar Ponte» · José-Mª Monterroso Devesa

Nº 9 - «Maruja Mallo: Vida e exilio dunha artista universal» · Carlos Nuevo Cal e Analía Álvarez González

---

Neste número prestou a súa colaboración:

■ **Luis Pérez Rodríguez** (Pontedeva, 1945)**.** É licenciado en Filoloxía Galego-portuguesa, Filoloxía Española e Dereito, e foi catedrático de Literatura Española de Ensino Medio ata a súa xubilación nun instituto de A Coruña. Na actualidade exerce a avogacía. É experto na literatura da emigración e do exilio en Arxentina e Uruguai e dentro dese amplo campo dedicouse a profundar na figura de Eduardo Blanco-Amor e o teatro galego en Arxentina. Foi guionista da serie Eduardo Blanco-Amor, o escritor da xente (Vídeo Voz TV, para TVG, 1993), e ten publicados numerosos artigos en diversas revistas, moitos deles arredor da literatura do autor ourensán, incluído .«*De Galicia a Chiloé*. Chile a la vista *de E. Blanco-Amor*» nesta mesma serie de cadernos Ademais das publicacións relacionadas con Eduardo Blanco-Amor, cabe destacar *O Pórtico poético dos "Seis Poemas Galegos" de Federico García Lorca*, publicado en 1995 polo Consello da Cultura Galega, que en 2011 ía pola súa 3ª edición.

Edita

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colaboran

Deputación DA CORUÑA

CURCELLO DE SOAIA